O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión extraordinaria celebrada o día 13.06.2017, acordou a aprobación provisional da Ordenanza reguladora do uso de camiños públicos no Concello da Fonsagrada.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se tivesen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

A Fonsagrada, 14 de xuño de 2017.- O Alcalde, Argelio Fernández Queijo

R. 1792

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 8 de xuño de 2017, aprobouse o Padrón da taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas do mes de maio de 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xuño e o 15 de agosto de 2017.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, a data de sinatura de 2017.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 1793

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DE MAIO DE 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Resolución de Alcaldía do día 9 de xuño de 2017 aprobáronse os padróns da Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia do mes de MAIO de 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, 19 de xuño de 2017 ata o 21 de agosto de 2017.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 9 de xuño de 2017.- O Alcalde, P.S.A Concelleira de Facenda, Gloria María Prada Rodríguez

R. 1795

OUROL

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2016, expóñese ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día doce de xuño de dous mil dezasete. Durante este prazo e oito máis, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ourol, doce de xuño de dous mil dezasete.- O alcalde-presidente, José Luis Pajón Camba

R. 1796

PANTÓN

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Pantón, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

En Pantón, a 26 de maio do 2017. O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (I.C.I.O.)**ARTIGO 1. Fundamento Legal**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

ARTIGO 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivesese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

ARTIGO 3. Construcións, Instalacións e Obras Suxeitas

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior, e en particular as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das leiras na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que poida estragarse coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valos, as estadas e os estadares de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos ou instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valos que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas aos aparcadoiros, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos Plans de ordenación ou polas Ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.]

ARTIGO 4. Exencións

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade Local que, estando suxeita, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si trátase de obras de investimento novo como de conservación.

ARTIGO 5. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

A efectos do disposto no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación u obra quien soporte os gastos ó coste da súa realización.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 6. Base Impoñible

A base imponible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Quedan excluídos da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais Impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos, prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas coa construción, honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, e calquera outro concepto que non integre estritamente, o custo de execución material.

ARTIGO 7. Cota Tributaria

A cuota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravamen .

Os tipos de gravamen serán os que seguen :

a) Para obras de ata 150.000,00 €	2,00 %
b) Para obras entre 150.000,01 e ata 250.000,00 €	2,50%
c) Para obras entre 250.000,01 e ata 350.000,00 €	3,00%
d) Para obras entre 350.000,01 e ata 500.000,00 €	3,50%
e) Para obras iguais o superiores a 500.000,00 €	4,00%

ARTIGO 8. Devengo

O Imposto devéñase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivese a correspondente licenza ou non se presentase a declaración responsable ou comunicación previa.

Aos efectos de este imposto, se entenderán iniciadas as construcións, instalacións u obras, salvo prueba en contrario:

- Cando se conceda a licenza preceptiva o se presente a declaración responsable o a comunicación previa.
- Cando, sen haberse solicitado, concedido o denegado polo Concello a preceptiva licenza ni presentada a declaración o comunicación, se efectúe polo suxeito pasivo calquera clase de acto material o xurídico tendente á realización das construcións, instalacións u obras .

ARTIGO 9. Xestión

- O imposto esixirase en réxime de declaración.
- O solicitante dunha licenza para realizar as construcións, instalacións ou obras que constitúan o feito imponible deberá presentar no momento da solicitude, segundo se trate de obras de carácter maior ou menor, a seguinte documentación:
 - Obra maior. Impreso de solicitude e Proxecto básico asinado por técnico competente que conterà a documentación mínima requirida polo art. 14 do Regulamento de disciplina urbanística e o art. 6.3.a e o Anexo I do vixente Código Técnico da Edificación, entre outra, o orzamento de execución material das obras que será asinado expresamente polo técnico redactor que será responsable da súa veracidade.
 - Obra menor. Impreso de solicitude no que se definan as características das obras solicitadas desglosadas por tipo de obra de acordo co anexo á presente ordenanza reflectindo expresamente, segundo o caso, a superficie, lonxitude ou numero de unidades e o prezo unitario aplicado. Noutro caso deberá aportar memoria valorada ou Orzamento detallado das obras no que se especifiquen como mínimo os datos referidos anteriormente. Asemade deberá achegar plano de situación e, no seu caso, croquis das obras a realizar.

3. Cando se conceda a preceptiva licenza, ou se presente declaración responsable ou comunicación previa, practicarase unha liquidación provisional, cuxa cuota será o resultado de aplicar o tipo impositivo á base impositiva, que neste caso, determinarase en función do orzamento presentado. A base impositiva será determinada de acordo co custo estimado das obras que non será inferior ao calculado aplicando os criterios e valoracións contidas no anexo á presente ordenanza.
4. Unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, no caso de que o custo real e efectivo delas sexa superior ou inferior ao que serviu de base impositiva nas liquidacións provisionais, os suxeitos pasivos presentarán certificado e orzamento final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, e calquera outro documento que se considere oportuno, practicando o Concello a liquidación definitiva oportuna, esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que corresponda.

Cuando se modifique el proyecto de construcción, instalación u obra e houberse incremento no orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración Municipal, o verificada a mesma, se practicarás unha liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado .

ARTÍGO 10. Comprobación e Investigación

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

ARTIGO 11. Réxime de Infraccións e Sancións

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 16 de marzo de 2017, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo 1 : Manual para obter o orzamento de execución material dunha edificación: orzamento de referencia.

1.- Normas xerais: criterios de valoración

- Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo con destino predominante da superficie, incluíndose naquel, as superficies con destinos minoritarios. Soamente se dividirán en varios puntos cando un dos destinos minoritarios ocupe unha superficie maior do 20% do total; nese caso valorárase independentemente.
- A superficie total construída é a suma da superficie de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais das fachadas, tanto exteriores como interiores, e os eixos de medianeiras compartidas se é o caso.
- Nos edificios de vivendas, as superficies abufardadas accesibles, que polas súas características construtivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser destinadas a vivenda, incluíranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,50 metros e valoráranse co uso da vivenda.

2.- Estimación simplificada dos orzamentos de execución material de edificación:

2.1.1 Definicións
Mb Módulo básico
Mc Módulo de construción ou de referencia
S Superficie total construída, en m ²
Ct Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación
Cu Coeficiente corrector en función do uso da edificación
Pemb Orzamento de execución material segundo módulos básicos

Pem. Orzamento de execución material do proxecto
2.1.2. Valores de aplicación
2.1.3. Módulo básico
Establécese un prezo en €/m ² de edificación en función do módulo básico (Mb) aplicables ás distintas construcións. Mb. = 427,22€/m ² .
2.1.4 Superficie construída por uso (Si)
Un traballo considérase incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie incluída naquel as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.
2.1.5. Coeficiente tipoloxías (Ct):
1.- En edificacións de nova planta e adicións
1,2 Edificación illada (4 fachadas, vivenda unifamiliar illada, sotos a partir do 3º)
1,1 Agrupación en fila, soto 1º e 2º
1 Edificio en quinteiro, edificación aberta, vivenda colectiva
2.- En obras de reforma e rehabilitación
1,2 Rehabilitación total, incluíndo desmontar fachadas
0,65 Rehabilitación de instalacións e acabados 0,5 Reformas que afecten só a elementos estruturais
0,35 Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e pechamentos (aplicada á superficie da fachada)
1 Adecuación interior de plantas baixas e entresollados, rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.
0,3 Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores)
0,07 Demolicións e derrubamentos (aplicadas á superficie que hai que demoler).
Coeficiente de uso Cu=1
2.2.4. Coeficiente de usos: Cu, coeficiente corrector segundo o uso da edificación:
Edificación:
1,6 Auditorios, museos, teatros, hoteis de 5 estrelas, edificios bancarios
1,5 Hospitais, laboratorios, igrexas
1,4 Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de 4 estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.
1,3 Clubes sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de 3 estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia.
1,2 Casas da cultura, casas de Concello, locais de bancos, consultorios, residencias da 3ª idade, apartahoteis, tanatorios, centros de culto, cuarteis, matadoiros.

1,1 Vivendas, hoteis 2 estrelas, residencias universitarias, moteis
1 Residencia VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis 1 estrela, ambulatorios, hostais-residencias, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.
0,9 Bares, mercados
0,8 Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servicios cámpings
0,65 Edificios de aparcadoiros, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escaparate
0,5 Piscinas descubertas, cemiterios
0,4 Garaxes e aparcadoiros, estacións de servico.
0,35 Rochos, locais de planta baixa ou semisoto sen uso específico, porches e terrazas abertas
0,3 Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, cubertos, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho)
0,15 Acondicionamento de naves con obras mínimas
0,1 Proxectos de urbanización (adscriitos á edificación), áreas deportivas, parcelas cámpings (coeficiente de uso $Cu=1$)
0,05 Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos (coeficiente de uso $Cu=1$)
2.2.- Obtención do orzamento de execución material segundo módulos básicos: Pemb
2.2.1. Módulo de construción: $M_c = M_b \times C_t \times C_u$
Nos casos en que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aconséllase aplicar a media entre os que máis se asemellen.
2.2.2. Orzamento de execución material segundo módulos básicos.
$Pemb = \sum (M_{ci} \times S_i)$
M_{ci} = Módulo de construción que corresponda de acordo con destino predominante da superficie S_i = Superficie construída que corresponda, de acordo co destino predominante dela (nos edificios con usos diferentes recoméndase calcular o Pemb, para cada uso) Este orzamento así obtido será o orzamento de referencia para o cálculo da liquidación.

Para o seu cálculo será necesario cubrir correctamente o modelo que se achega.

FOLLA DE LIQUIDACIÓN LICENCIA OBRAS MAIORES

Suxeito pasivo:

Enderezo:

Dni/Cif:Teléfono:/.....

Tipo de obra:

OBTECIÓN DO ORZAMENTO DE REFERENCIA SEGUNDO MÓDULOS BÁSICOS ORIENTATIVOS

PLANTAS			SUP. CONSTR.	MODULO BÁSICO MB	TIPOLOXIA CT	USO CU	MODULO	ORZAMENTO PARC
Nº	USO	SUP. PARCIAL						
TOTAL SUPERFICIE CONSTRUÍDA			ORZAMENTO DE REFERENCIA					



En Ferreira de Pantón a de de

Asinado.....

Anexo 2: manual para obter o custo de execución de obras menores.**A-Sobre a superficie computable (módulos).**

		Euros
1. M2 Construción dun galpón ou alpendre		184,40
2. M2 Obras de reforma en:		
Vivendas	a) reforma instalacións e acabados	315,36
	b) reforma pouca entidade	145,38
Hostalería	a) adecuación interior	441,17
	b) reforma instalacións e acabados	286,07
	c) reforma pouca entidade	131,55
Locais comerciais, oficinas, garaxes	a) adecuación interior	286,07
	b) reforma instalacións e acabados	185,54
	c) reforma pouca entidade	85,59

B- Sobre unidades de obra (prezos unitarios)**LIMPEZA E MOVEMENTOS DE TERRA**

	Euros
M2 Limpeza e nivelación terreos	2,38
M3 Escavación de terras	2,38
M3 Aporte de terra vexetal	72,65
M3 Recheo e compactado de terras	5,96
M3 Apertura de gabias	13,10

INSTALACIÓN EXTERIOR FONTANERÍA E SANEAMENTO

	Euros
M Encanamento de saneamento enterrado	41,67
U Acometida domiciliaria de saneamento	223,80
U Acometida domiciliaria de auga	285,65
U Pozo de auga	1974,57
M3 Depósito de auga	147,59
U Instalación de fosa séptica	1073,58

DEMOLICIÓN

	Euros
M2 Demolición de tabique ou apertura de ocos	5,96
M2 Demolición de cubertas	8,34
M2 Demolición de falsos teitos	4,46
M2 Picado de masas ou alicatados	7,15
M2 Picar levantar pavimentos	4,76

TABIQUERÍA

	Euros
M2 Tabique de ladrillo	14,28
M2 Tabique cartón xeso	16,66

ACABADOS

	Euros
M2 Enfuscado mastreado e alisado	9,53
M2 Frisado e azulexado	4,60
M2 Falso teito de escaiola	13,10
M2 Pavimento de cemento ou terrazo	20,24
M2 Pavimento de gres, PVC ou moqueta	28,56
M2 Chan de madeira	39,28
M2 Pavimento de pedra ou mármore.	64,27
M Chanzo	61,89
M2 Azulexado	21,44
M2 Chapeado de pedra ou mármore	83,32
M2 Pintura plástica interiores	5,96
M2 Panelado de madeira	26,19
M2 Limpeza de fachadas	8,34
M2 Limpeza e rexuntamento de fachadas de granito	5,96
M Balaústre de 90 cm. de altura	41,13
M2 Pintura exteriores	7,15

CARPINTERÍA

	Euros
U Porta blindada de madeira	1073,58
M2 Substitución carpintería de madeira	128,55
M2 Substitución carpintería de aluminio	182,10
M2 Substitución carpintería de PVC	164,26
M2 Substitución de carpintería metálica	77,37
M2 Peche metálico de seguridade (reixas)	78,56
M2 Acrisolamento con vidro normal	26,19
M2 Acrisolamento con dobre vidro	114,28
M2 Acrisolamento con vidro de seguridade	132,12

CUBERTA

	Euros
M2 Substitución material de cuberta	36,90
M2 Limpeza de cuberta	3,45
M2 Colocar tella sobre pranchas de fibrocemento existentes	19,78
M2 Retellar	10,34
M2 Cuberta lixeira (tipo fibrocemento)	22,61
M2 Impermeabilización de terraza	17,86
M Cano das augas	22,61
M Baixante	15,48

INSTALACIÓNS INTERIORES

	Euros
U Rede interior auga fría e quente	701,04
U Instalación completa de calefacción en vivenda	5494,08
U Instalación da rede eléctrica en vivenda	1934,11
M Tubaría de fontanería instalada	5,54
U Lavabo	185,68
U Bañeira	199,97
U Bidé	157,12
U Inodoro	264,23

ENGADIDOS NAS FACHADAS

	Euros
M2 Toldo	157,12
M2 Marquesiña	247,58
M2 Rótulo opaco na fachada	363,02
M2 Rótulo luminoso na fachada	503,47
M2 Carteleira publicitaria	38,10
M2 Pintura de anuncios, rótulos, etc. sobre a fachada dos edificios	157,12

MEDIOS AUXILIARES

	Euros
U Instalación guistre	2861,28
U Inst. guindastre pluma	34710,57
U Instalación de guindastre torre	81891,96
U Instalación de guindastre torre automontante	53924,17
M2 Estadas nas fachadas	5,96

PECHES

	Euros
M2 Colocación de valo de obra	6,90
M Peche de postes con aramado	20,24
M2 Peche de tea metálica con postes	20,24
M2 Cerrume con bloque de formigón	23,81
M2 Cerrume con bloque acabado especial	38,10
M2 Cerrado de chantos	28,56
M Cerrume con bloque e tea metálica	38,10
M3 Cerrume con cachotería, pedra ou lousa.	69,04
M3 Formigón armado	104,55
M2 Peche metálico	63,09
M2 Peche fundición	99,98
M2 Porta metálica de entrada a parcela	98,79
M2 Limpeza de fachadas	226,14

U Entrada a parcela, incluída canalización	422,53
--	--------

URBANIZACIÓN

	Euros
U Placa de acceso a garaxes	103,40
M2 Nivelación de calzadas	10,71
M2 Demolición e levantamento de pavimentos	3,58
M3 Apertura de gabias a man	27,38
M3 Apertura de gabias a máquina	32,14
M3 Apertura de gabias para saneamento	28,56
M2 Balastro natural en subbase	14,28
M2 Reposición e beirarrúas	39,28
M2 Pavimento continuo de formigón	20,24
M2 Pavimento de lastros de granito	47,61
M Colocación de cables subterráneos	66,66
M Colocación de encanamentos de fibrocemento no subsolo na vía pública	196,38
M Colocación de encanamentos de polietileno no subsolo na vía pública	59,51
M Colocación de encanamentos poliéster reforzado con fibra de vidro no subsolo na vía pública	264,23
M Colocación de encanamentos de fundición no subsolo na vía pública	77,37
M Colocación de encanamentos no subsolo na vía pública	32,14
U Colocación de báculo na vía pública	662,96
U Colocación de columna na vía pública	438,02
U Colocación de brazo inclinación 15º na vía pública	282,08
U Colocación de crucetas na vía pública.	323,74
U Colocación de lumieira na vía pública	423,73
U Lumieira esférica	222,57
U Colocación de torre de celosía na vía pública	6.024,81
U Acometida á rede de sumidoiros, auga, gas, electricidade, teléfono e outros servizos	785,56
U Arqueta de rexistro de obra	65,46
U Pozo de captación auga	664,15

ANTENAS

	Euros
U Colocación de antena parabólica unitaria 648	648,90
U Colocación de antena parabólica colectiva	4678,77

Nota: Todas aquelas unidades de obra non incluídas nesta relación serán obxecto de valoración polos servizos técnicos municipais.

En Pantón, a 23 de febreiro de 2017.- O Alcalde-Presidente, Jose Luis Alvarez Blanco

R. 1695

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora da realización da actividade de venda de libros de "SIMBOLOXIA DO ROMANICO DE PANTÓN" do Concello de Pantón, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Pantón, a 26 de maio do 2017. O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE VENDA DE LIBROS DE "SIMBOLOXIA DO ROMANICO DE PANTÓN".

Exposición de motivos e aplicación en base á Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, seminarios, cursos ou similares do Concello de Pantón- Lugo (aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 28 de abril do 2015 e publicada no BOP de Lugo nº 154, do 7 de xullo do 2015).

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO LEGAL.

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola realización da actividade de Venda de libros de "SIMBOLOXIA DO ROMANICO DE PANTÓN".

ARTIGO 2º.- NACEMENTO DA OBRIGA.

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade da venda e entrega do libro, aínda que a Corporación poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGO

Estarán obrigados ao pago do prezo público quenes se beneficien das actividades de compravenda polos que satisfacer aquel.

ARTIGO 4º.- CONTÍA

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

Por cada unidade do exemplar "SIMBOLOXIA DO ROMANICO DE PANTÓN"..... 14,42 EUROS (IVE EXCLUÍDO).

ARTIGO 5º.- COBRO

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicia a realización da actividade de venda e se perfecciona esta coa entrega do exemplar.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

O prezo público poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de constrinximento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As contías do prezo público reguladas na presente Ordenanza gravaranse co IVE correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

1.- No non recollido nos artigos precedentes seralle de aplicación a Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, seminarios, cursos ou similares do Concello de Pantón- Lugo (aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 28 de abril do 2015 e publicada no BOP de Lugo nº 154, do 7 de xullo do 2015).

2.- A presente Ordenanza comezará a rexer a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, e seguirá en vigor até que se acorde a súa derogación ou modificación expresa polo Concello.

Pantón, a 23 de febreiro de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Luis Álvarez Blanco

Anuncio

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora da realización da actividade de venda de libros de "RESEÑA HISTORICO DESCRIPTIVA DA PARROQUIA DE VILAR DE ORTELLE E A SUA COMARCA" do Concello de Pantón, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Pantón, a 26 de maio do 2017. O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE VENDA DE LIBROS DE " RESEÑA HISTORICO DESCRIPTIVA DA PARROQUIA DE VILAR DE ORTELE E A SUA COMARCA ".

Exposición de motivos e aplicación en base á Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, seminarios, cursos ou similares do Concello de Pantón- Lugo (aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 28 de abril do 2015 e publicada no BOP de Lugo nº 154, do 7 de xullo do 2015).

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO LEGAL.

En uso das atribucións conferidas nos artigos 41 ao 47 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola realización da actividade de Venda de libros de "RESEÑA HISTORICO DESCRIPTIVA DA PARROQUIA DE VILAR DE ORTELE Y SU COMARCA".

ARTIGO 2º.- NACEMENTO DA OBRIGA.

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a realización da actividade da venda e entrega do libro, aínda que a Corporación poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, conforme ao artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 3º.- OBRIGADOS AO PAGO

Estarán obrigados ao pago do prezo público quenes se beneficien das actividades de compravenda polos que satisfacer aquel.

ARTIGO 4º.- CONTÍA

A contía dos dereitos a percibir polo prezo público será a seguinte:

Por cada unidade do exemplar "RESEÑA HISTORICO DESCRIPTIVA DA PARROQUIA DE VILAR DE ORTELLE Y SU COMARCA"..... 9,62 EUROS (IVE EXCLUÍDO).

ARTIGO 5º.- COBRO

A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicia a realización da actividade de venda e se perfecciona esta coa entrega do exemplar.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

O prezo público poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

As débedas por prezos públicos esixiranse polo procedemento de constrinximento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As contías do prezo público reguladas na presente Ordenanza gravaranse co IVE correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL

1.- No non recollido nos artigos precedentes seralle de aplicación a Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de libros, publicacións, material promocional e pola realización de actividades, xornadas, seminarios, cursos ou similares do Concello de Pantón- Lugo (aprobada polo Pleno en sesión ordinaria do 28 de abril do 2015 e publicada no BOP de Lugo nº 154, do 7 de xullo do 2015).

2.- A presente Ordenanza comezará a rexer a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, e seguirá en vigor até que se acorde a súa derogación ou modificación expresa polo Concello.

En Pantón, a 15 de febreiro de 2017.- O Alcalde, Jose Luis Alvarez Blanco

A PONTENOVA*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PRAZA DE INFORMADOR TURÍSTICO PARA O CONCELLO DA PONTENOVA.**

POSTO DE TRABALLO : 1 praza de informador turístico.

XORNADA: completa.

PERÍODO: 2 meses.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pontenova ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete (7) días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello da Pontenova, será necesario adiantar copia da solicitude por fax ata as 14:00 horas, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

REQUISITOS DE TITULACIÓN: Título de Bacharelato ou equivalente.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso – Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello da Pontenova, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es>

Na Pontenova, a 16 de xuño de 2017.- O Alcalde, Darío Campos Conde

R. 1854

RIBAS DE SIL*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2016, expone ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 08.06.2017. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ribas de Sil, 13.06.2017.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega

R. 1794

O SAVIÑO*Anuncio*

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria do 05/04/2017 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO**

1. O Imposto sobre Bens Inmóbles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmóbles sitos no termo municipal de O saviño, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

2. De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o Concello de O Saviño acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario) e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos, e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito impoñible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario).

4. No caso que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

5. Non están suxeitos a este imposto:

- a) As carreteras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade dos municipios en que estén enclavados:
 - Os de dominio público afectos a uso público.
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.
 - Os bens patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 3.- TIPO DE GRAVAME E COTA

De conformidade co previsto no artigo 72 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ao municipio de O Saviñao queda fixado nos seguintes termos:

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0, 50%
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0, 30%
3. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1, 3%

ARTIGO 4- EXENCIÓNS

1.- Estarán exentos de conformidade co artigo 62.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os seguintes bens inmobles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e aos servizos educativos e penais, así como os dos Estado afectos á Defensa Nacional.
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
- c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre Asuntos Económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos Acordos de Cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.
- d) Os da Cruz Vermella Española.
- e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou aos seus Organismos oficiais.
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.
- g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios situados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das devanditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalaría, espectáculos, comerciais e de espaxamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

2.- O concello de O Saviñao establece, atendendo a un criterio de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo a exención dos inmobles rústicos cuxa cota líquida non supere a contía de 1,80 euros e a exención dos inmobles urbanos cuxa cota líquida non supere os 6 euros.

ARTIGO 5. BONIFICACIÓNS

1.- Gozarán dunha bonificación do 50% *da cota íntegra do Imposto, sempre que así se solicite*, a favor dos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta.

1. A bonificación deberá ser solicitada polos interesados antes do inicio das obras, acompañando a seguinte documentación:
2. Declaración sobre a data prevista de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate.
3. Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.
4. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade, mediante copia compulsada da Escritura de propiedade, certificación do Rexistro da Propiedade ou alta catastral.
5. Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do Administrador da Sociedade ou fotocopia compulsada do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a efectos do Imposto de Sociedades.

Fotocopia compulsada da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou xustificación da exención de devandito Imposto.

